

**TRABALLOS DE MINORACIÓN DA XERACIÓN DE
EFLUENTES ÁCIDOS NA ENTORNA DO
DESMONTE DOS AIRÍOS E O VIADUTO DO EUME
(CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ)**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras a realizar para minorar a xeración de efluentes ácidos na contorna do desmonte dos Airíos e o viaduto do Eume, á altura do punto quilométrico 35+500 da AG-64, ao seu paso polas Pontes de García Rodríguez. Estas augas desembocan no río Eume, polo que a finalidade da actuación é reducir na orixe, as augas ácidas e implantar un tratamento pasivo, para minimizar a xestión a longo prazo destes caudais ácidos e evitar problemas medioambientais.

2. Plan de Estradas

A autovía AG-64 Ferrol (AC-116) - Vilalba (A-8) pertence a rede Estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións incluídas neste proxecto consisten na selaxe do estribo de terras do viaduto do Eume, no seu lado sueste, mediante un paquete de xeosintéticos; e na canalización das augas ácidas, procedentes deste estribo e do desmonte dos Airíos, para dirixilas a un sistema de tratamento pasivo mediante 4 balsas escavadas no terreo, polas que circulará e se tratará a auga para conseguir a súa neutralización e o abatemento dos metais disoltos nelas.

4. Características técnicas

- Selaxe superficial do noiro: xeotextil de protección sobre o terreo natural + membrana impermeabilizante de PEAD texturizada por ambas as dúas caras de 1,5 mm + xecomposto drenante de 4 mm con xeotextís en ambas as dúas caras + xeomalla tridimensional con módulo elástico a tracción + capa de terra vexetal de 20 cm de espesor.
- Canalización de efluentes ácidos: hai dúas liñas de auga na gabia, unha que recolle as augas do noiro de desmonte e outra para a auga de choiva da plataforma da autovía; e a outra liña de auga é un tubodren baixo elas para recoller os fluxos soterrados. Considérase que as augas procedentes da calzada non serán ácidas, as do dren serán ácidas e as do noiro poderían selo ou non en función do caudal da choiva. As augas que non sexan ácidas diríxense pola gabia de pé de terraplén do estribo do viaduto do Eume cara á natural, mentres que as augas ácidas canalízanse por 2 conducións de Ø 200 mm próximas ao pé do terraplén, unha por cada marxe, para dirixilas ao sistema de tratamento pasivo situado próximo á sombra do viaduto.
- Tratamento pasivo: consiste en 4 balsas duns 1.400 m² de superficie (18x80 m²) nas que o transvase da auga dunhas a outras realízase por gravidade: as 3 primeiras son balsas neutralizantes tipo SAPS e a última unha zona húmida aerobia. As balsas impermeabilízanse cunha lámina de PEAD de 1,5 mm de espesor, protexida por un xeotextil en todos os noiros e no fondo. Estás láminas ancoráranse ao terreo mediante a construción dunha gabia periférica de dimensións 0,5x0,5 m, fixándose mediante o recheo da propia gabia.
Para evitar o posible desbordamento das balsas prevese a instalación de varios alivios:
 - No depósito desareador instálase unha tubaxe de alivio de diámetro 200 mm que se dirixe á cuneta do camiño, a unha cota de 10 cm por encima da cota de saída da auga no depósito.
 - Tamén se deixa na arqueta de saída un tubo á cota superior do tubo de entrada para que funcione como alivio e, no caso de que non funcionase a saída da balsa polo fondo, a auga puidese continuar polo sistema de tratamento.
 Ao redor das balsas déixase un camiño perimetral que permita realizar o seu mantemento. Para que sexa accesible en todo o perímetro incrementouse a altura das balsas en 0,50 m sobre o nivel da auga para que queden enterradas as tubaxes máis superficiais.
- Muros: no pé do noiro da balsa aeróbica construírase un muro de cachotería ao longo da esquina inferior esquerda, cunha lonxitude de 28 m e unha altura total que oscila entre 2,2 m e 4,7 m, para evitar que o recheo alcance o camiño de servizo.

5. Poboación Servida (INE 2024)

As Pontes de García Rodríguez 9.782 hab

6. Concellos Afectados

Concello das Pontes de García Rodríguez.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 1 parcelas cunha superficie a expropiar de 12.901 m².

Orzamento terreos afectados	24.253,88 €
Orzamento bens afectados	4.047,00 €
5% de afección	1.212,69 €
Orzamento total expropiacións	29.513,57 €


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de SETE (7) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.570.311,89 €
Orzamento Expropiacións	29.513,57 €
Orzamento para coñecemento da administración	1.599.825,46 €

PLANO DE SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO



SECCIÓN – ESQUEMA DE TRATAMIENTO

